A GLOBALIZACIÓN

Variantes da Globalización

Globalización: positiva ou negativa?

A GLOBALIZACIÓN

Ao longo da Historia, o ser humano foi dando pasos cara a un **proceso de interconexión, intercomunicación e tamén de interdependencia**.

Co paso do tempo, o mundo coñecido polos europeos é cada vez máis amplo: ampliamos horizontes cara a África, Asia, América …

Pero neste proceso de "conquista" doutras terras, **o Planeta Terra foi facéndose cada vez máis e máis pequeno:** as comunicacións facíanse cada vez máis rápidas, e lugares afastados noutros tempos, "achegáronse" cada vez máis.

Esta marcha cara a Globalización acelerouse na Idade Contemporánea. Un paso de xigante deuse no s XIX coa revolución industrial, científica e tecnolóxica con avances nos transportes e nas comunicacións (o ferrocarril, a máquina de vapor primeiro e o motor de combustión despois, a electricidade, o telégrafo e o teléfono, …)

No s XX, despois do final da II Guerra Mundial en 1945 e sobre todo desde finais do S XX, o proceso de globalización tomou o decisivo impulso co Neoliberalismo.

Pero como podemos definir a Globalización? É un proceso polo cal se forma unha interdependencia e unificación económica, social, cultural, política e tecnolóxica en todo o mundo. A mellora nas comunicacións terrestres (transportes e vías de comunicación) e da tecnoloxía das telecomunicacións (internet, informática, satélites, telefonía) influíu decisivamente neste proceso de globalización.

Variantes da Globalización

A Globalización ten diferentes variantes, todas interconectadas entre si. Podemos afirmar que a globalización ten unha raíz fundamentalmente económica, pero tamén política, tecnolóxica, cultural e social:

- **Globalización económica**. Integración das economías nacionais, rexionais e locais nunha economía de mercado mundial, a escala planetaria, protagonizada polas grandes empresas multinacionais, o libre comercio e a sociedade de consumo. A globalización supuxo un aumento do comercio internacional de bens e servizos, así coma dos fluxos internacionais de capitais.

As grandes empresas multinacionais, apoiadas polos organismos económicos internacionais (Banco Mundial, Fondo Monetario Internacional o G-20, a Organización Mundial do Comercio), xogan un papel decisivo. Estas grandes Institucións económicas internacionais impulsan este proceso globalizador. Na base de todo está o libre mercado: libre circulación de mercadorías e diñeiro por todo o mundo. Todo se compra, todo se vende. ¿Obxectivo? Beneficio económico.

CC BY NC SA

- Globalización tecnolóxica. Durante a Historia da Humanidade as novas tecnoloxías favoreceron que o mundo se fixera máis grande (ampliación das terras coñecidas) pero tamén máis pequeno (mellora nos transportes e comunicacións) As novas tecnoloxías da Información e a Comunicación (as TICs: a dixitalización tecnolóxica, internet …) fixeron realidade a **idea da Aldea Global.** Vivimos da **Era da Tecnoloxía** que fai que percibamos, incluso sintamos, moi próximos (coma se viviramos nunha aldea) feitos, costumes, novas que, en realidade, ocorren moi lonxe no espazo e incluso no tempo. A sensación do poder de comunicarnos con outras xentes ou contemplar imaxes de lugares moi afastados, desvirtúa a nosa percepción de tempo e espazo. A radio, o cine e a televisión deron o primeiro paso, a dixitalización dou o definitivo.

- Globalización política. Integración das políticas nacionais nunha política mundial. Nela toman protagonismo os grandes **organismos internacionais como a ONU** e as decisións afectan a todos os países. Así, as políticas nacionais teñen cada vez menos importancia e as políticas internacionais (nas que as decisións se toman en centros de poder afastados das e dos cidadás), cada vez máis.

Cada vez toman máis importancia organizacións non gobernamentais, as coñecidas ONGs, que tenta influír nas decisións políticas medio-ambientais (Greenpeace, WWF, ...) ou loitar contra as desigualdades (Médicos sen fronteiras, Intermón Oxfam, ...)

- Globalización cultural. A música, a moda, o pensamento, a arte ... tamén forman parte da "Aldea global" **O modo de vida occidental estase a difundir por todo o Planeta**. Así, en países tan distantes e tan distintos como Brasil, China, Senegal, Rusia ou Portugal adoptan esa forma de comportarse e ver a vida. Unha muller ou un home de Australia pode levar a mesma camiseta do club de fútbol Arsenal, as mesmas zapatillas Nike, un pantalón Levis, oír a Lady Gaga e ver Netflix, ou visitar as mesmas páxinas de internet.

CC BY NC SA

Globalización: positiva ou negativa?

Non podemos negar que o proceso globalizador desde o final da II Guerra Mundial ata hoxe en día tivo aspectos positivos, pero non podemos negar que tamén ten a súa parte negativa.

A partir dun longo período de **crecemento económico desde 1945** ata a crise global do 2008, a do 2019 coa pandemia do Covid-19 e do 2022 coa guerra de Ucraína, **melloraron as condicións de vida no planeta**. A mellora do Índice de Desenvolvemento Humano así o testemuña. Neste sentido, a difusión da **ciencia e a tecnoloxía**, aínda que de xeito desigual, por todo o mundo favoreceu, por exemplo, a expansión das vacinas e outros medicamentos polos países pobres, reducindo a mortalidade, sobre todo infantil.

E a pesar disto, é innegable tamén o a**umento das desigualdades**. Le con atención estes datos e reflexiona sobre si confirman ou desmenten esta afirmación :

Reparto desigual da riqueza

- O 10% da poboación ten máis do 80% da riqueza.
- As 225 persoas máis ricas do mundo teñen tanta riqueza coma o ingreso anual do 47% da poboación máis pobre (uns 2.500 millóns de persoas)
- A riqueza das tres persoas máis ricas do mundo supera o produto Interior Bruto dos 48 países máis pobres.
- 3.000 millóns de persoas sobreviven con menos de 1,5 € ao día.
- 800 millóns de persoas pasan fame a diario.
- Mil millóns de persoas no mundo non teñen acceso á electricidade.
- Só co 4% da riqueza das 225 persoas máis ricas do mundo se podería conseguir acceso universal ao ensino público, atención sanitaria básica ,o alimento necesario para todos e auga potable e saneamento para todos.

Outro elemento a ter en conta neste debate sobre as caras positiva e negativa da globalización é a **mellora das comunicacións** (terrestres, marítimas, aéreas, os medios de comunicación de masas – TV, radio ...- o mundo dixital …) Favoreceu, aínda que de xeito moi desigual, o **aumento do intercambio cultural e científico**. A Internet xoga un papel fundamental neste proceso. Está a cambiar, xa cambiou o mundo.



No mundo levántanse muros para evitar a inmigración

A mellora das comunicacións facilita enormemente a circulación de mercadorías e persoas. Pero as fronteiras non están "globalizadas", ponse freo ao movemento de persoas que pretenden acadar unha vida mellor. As vallas, os muros e as fronteiras pretenden **evitar os movementos migratorios desde os países máis pobres (países Subsaharianos, centro e sudamericanos, asiáticos) cara aos países máis ricos, fundamentalmente europeos e norteamericanos.**

CC BY NC SA

Por outra parte, **o dominio, incluso monopolio, económico das grandes empresas multinacionais** foi en detrimento das pequenas empresas. O peixe grande (as multinacionais) cómese ao peixe pequeno (as pequenas empresas nacionais ou rexionais) O libre comercio (libre movemento de produtos e capitais) supuxo que os consumidores teñamos acceso a un maior número de produtos e a menor prezo e aquí é onde as multinacionais teñen vantaxe sobre as empresas máis pequenas. Amazon ou Nike versus a tenda de barrio: quen ten as de gañar? Debate interesante! Pensa que toca moi de cerca aos nosos propios costumes de consumo, ao noso estilo de vida.



As grandes multinacionais "comen" ás pequenas empresas

Ademais, estas grandes empresas levaron a cabo, e aprovéitanse, do **proceso de des-localización industrial**. Este proceso favoreceu o desenvolvemento económico en países do ámbito asiático, africano e sudamericano nos cales lles é máis doado e barato producir, xa que non se respectan ou directamente son inexistentes os dereitos laborais das e dos traballadores: longas xornadas laborais e baixos salarios, traballo infantil, desigualdade da muller ….Por outra parte, os baixos impostos nestes países fai practicamente imposible a construción do Estado do Benestar: educación , sanidade, pensións , servizos sociais …

Desde o punto de vista político, cabe destacar a **expansión dos principios e valores da democracia (**liberdade, igualdade, participación política, …), entre eles e de xeito moi significativo, a **defensa dos dereitos humanos**. Aínda así, en moitos lugares seguen sen respectarse estes valores de non discriminación por razón de sexo, identidade e orientación sexual, ideoloxía, raza, relixión ou orixe. Seguen a funcionar no mundo sistemas autoritarios (ditaduras ou monarquías absolutas) e democracias "imperfectas" ou "falseadas"



Finalmente, imos poñer a atención na **debilidade das culturas minoritarias.** Os países ou rexións pouco influentes económica e politicamente van perdendo pouco a pouco a súa cultura, lingua e modos de vida a favor da cultura globalizada na que teñen máis peso os países occidentais máis poderosos (EE.UU., Europa)



No **s XXI** entramos de pleno na **era dixital**. **A idea da Aldea global é un feito**. Vivimos nun mundo globalizado, un mundo que se enfrontas a **enormes desafíos**; a saber:

1. **A revolución tecnolóxica**, cada vez máis rápida, cambiante e incluso poderosa … para quen teña acceso a ela.

2. **A sostibilidade do sistema e o respecto medio-ambiental, poñendo o acento no cambio climático.** Coa globalización estase a poñer en perigo o equilibrio entre recursos e consumo.Hai un **consumo excesivo** tanto por parte das industrias (recursos naturais e fontes de enerxía) coma dos consumidores (sociedade de consumo). Isto ten como consecuencia o esgotamento de recursos naturais, a deterioración ambiental e destrución de ecosistemas , a contaminación da atmosfera e da hidrosfera, o cambio climático...

3. Poñer fin a(s) **desigualdade**(s)

CC BY NC SA